



# ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN

## TÍTULO I DENOMINACIÓN, ESPECIALIDADES, DOMICILIO, ESTRUTURA TERRITORIAL, OBXECTO E FUNCIÓNS, NORMATIVA APLICABLE, IMPACTO MEDIOAMBIENTAL E NEUTRALIDADE DE XÉNERO

### Artigo 1. Denominación e especialidades

1. A Federación Galega de Orientación (FEGADO) é a entidade privada con personalidade xurídica propia e plenu capacidade de obrar, sen ánimo de lucro, que ten por obxecto, mediante a integración de clubs deportivos, seccións deportivas, deportistas-orientadores, técnicos-adestradores e xuíces-controladores, a práctica do deporte de orientación, en calquera das súas especialidades fixadas pola Federación Internacional de Orientación (IOF) e pola Federación Española de Orientación (FEDO), así como promover, regulamentar e organizar a orientación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A FEGADO exerce, ademais das súas propias atribucións, por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando en tal caso como axente colaborador da Comunidade Autónoma galega baixo a súa tutela e coordinación.

2. A FEGADO ten a consideración de entidades de utilidade pública, nos termos establecidos na legislación.

3. A FEGADO forma parte da FEDO, aplicándoselle as normas e regulamentos da FEDO e da IOF cando actúen en competicións oficiais de carácter estatal ou internacional.

### Artigo 2. Domicilio

O domicilio social actual establécese en C./ Sebastián Martínez Risco, 12 (15008 A Coruña), pudiendo ser cambiado de localidade ou de provincia, dentro sempre do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, por acordo de 2/3 dos membros asistentes á Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva.

### Artigo 3. Estrutura territorial

A estrutura territorial da FEGADO é autonómica, aínda que poderá adoptar calquera das modalidades legalmente permitidas, a determinar no seu caso polo correspondente Regulamento de desenvolvemento dos presentes Estatutos.

### Artigo 4. Obxecto e funcións




**1. A FEGADO exerce como funcións propias as seguintes:**

- a) A convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade deportiva e a designación dos deportistas que as integren.
- b) Colaborar coas Administracións públicas e coa FEDO, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción do deporte de orientación.
- c) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.
- d) De ser o caso, e conforme á normativa que sexa aplicable, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Elaborar as súas propias normas técnicas e regulamentos deportivos.
- f) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de técnicos-adestradores e xuíces-controladores, segundo a normativa que sexa aplicable.
- g) Fomentar a participación no deporte de orientación das persoas con algunha discapacidade.

**2. A FEGADO exerce como funcións públicas delegadas, en réxime de exclusividade, as seguintes:**

- a) Representar á Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas do deporte de orientación, consonte á normativa que sexa de aplicación.
- b) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
- c) Expedir licenzas deportivas para a práctica do deporte de orientación nos termos establecidos na legislación vixente.
- d) Asignar as subvencións e axudas de carácter público concedidas e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
- e) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento destes Estatutos.
- f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos pola Ley 3/2012, de 2 abril, do Deporte de Galicia e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos presentes Estatutos e Regulamentos de desenvolvemento.
- g) Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- h) Colaborar coas Administracións públicas competentes na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na





prevención da violencia no deporte. Para estes efectos, e entre outras accións, a FEGADO instruirá e resolverá os expedientes sancionadores que no ámbito da dopaxe se substancien, consonte ó establecido na lexislación vixente.

i) Calquera outra que regulamentariamente se determine.

3. A FEGADO fomentará que a dedicación significativa á práctica do deporte de orientación se corresponda tendencialmente coas esixencias da semiprofesionalidade ou profesionalidade da práctica do deporte, tanto por conta aliea como por conta propia, consonte as súas modalidades admitidas pola lexislación vixente.

4. A FEGADO utilizará preferentemente para o cumprimento dos seus obxectivos e funcións as novas tecnoloxías da información e da comunicación, a través do seu propio sitio en Internet.

5. Os actos adoptados pola Federación no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo son susceptibles de recurso administrativo ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

#### Artigo 5. Normativa aplicable

A FEGADO regulará a súa estrutura e funcionamento de acordo cos principios de representación e participación democrática, e rexerase pola Lei 3/2012, de 2 abril, do Deporte de Galicia, os presentes Estatutos e os seus Regulamentos de desenvolvemento.

#### Artigo 6. Impacto medioambiental

A FEGADO adoptará a premisa de respecto e conservación da natureza. Fomentará a educación medioambiental entre os deportistas-orientadores e adoptará cantas medidas estean ó seu alcance co fin de salvagardar o patrimonio ecolóxico e forestal durante o desenvolvemento das súas actividades. Asemade, colaborará en materia de medio ambiente cos Organismos e Entidades Públicas ou Privadas no ámbito do seu territorio.

#### Artigo 7. Neutralidade de xénero

1. Pola propia natureza do deporte de orientación, a FEGADO axustarase na ordenación desta modalidade deportiva ó principio de neutralidade de xénero, fomentando asemade a organización e práctica desta modalidade deportiva con suxeición ós principios establecidos no artigo 29 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

2. Consonte ás regras e guías da IOF, a FEGADO organizará as súas competicións deportivas de xeito que as orientadoras poidan competir nas categorías de orientadores.

3. Todas as referencias que se realicen nos presentes Estatutos a persoas de xénero masculino se entenderán feitas asemade, en condicións de plena igualdade, a persoas de xénero feminino.

## TÍTULO II DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN DA FEDERACIÓN



## Capítulo I. Xeneralidades

### Artigo 8. Principio democrático

A FEGADO axusta o seu funcionamento interno ó principio democrático baseado nas eleccións reguladas no seu propio Regulamento Electoral, nos termos previstos no artigo 5 dos presentes Estatutos.

### Artigo 9. Regulamento Electoral e procedemento de designación da xunta electoral

1. O Regulamento Electoral da FEGADO será aprobado pola Asemblea Xeral e remitido á Administración autonómica, para a súa aprobación, con anterioridade á realización efectiva do proceso electoral.


2. O devandito Regulamento haberá de regular as seguintes cuestións:

- a) Calendario electoral: prazos, requisitos para presentación e reclamacións de candidatos, así como sistemas de desempate e reclamacións.
- b) Composición, competencias e funcionamento da xunta electoral e das mesas electorais.
- c) Censo electoral, dividido por circunscricións electorais de existiren éstas, con garantía da súa posta a disposición dos candidatos en cada caso.
- d) Número de membros da Asemblea Xeral e distribución dos mesmos por estamentos.
- e) Circunscricións electorais, de ser o caso, e número de representantes de cada estamento por cadansúa.
- f) Regulación do voto por correo.
- g) Sistema de elección do Presidente.
- h) Composición e sistema de elección da Comisión Delegada.
- i) Procedemento de resolución de conflitos, reclamacións e recursos electorais.

3. A xunta electoral constituirase de forma simultánea á convocatoria de eleccións, estando integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na Asemblea Xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura, que deberá facerse na mesma Asemblea Xeral na que teña lugar a súa elección, pudiendo estar os candidatos presentes nela. Os membros da xunta electoral deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Non presentarse como candidato a membro da Asemblea Xeral.
- c) Non ter relación contractual ou profesional coa FEGADO.





d) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que comporte sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.

No caso de non presentación de candidatos e membros da xunta electoral, o Presidente da FEGADO propondrá á Asemblea Xeral os membros necesarios para completarlal, que deberán reunir os requisitos definidos no apartado anterior. No acto de sorteo designarase, ademais, o número de suplentes establecidos para supostos de enfermidade o calquera outra causa excepcional.

4. Para as primeiras eleccións á Asemblea Xeral aplicarase a normativa a que se refire a disposición transitoria única dos presentes Estatutos.

#### Artigo 10. Órganos colexiados e órganos unipersonais

1. Os órganos de goberno e representación da FEGADO poden ser colexiados e unipersonais.

2. Son órganos colexiados da FEGADO a Asemblea Xeral, a Comisión Delegada e a Xunta Directiva.

3. Son órganos unipersonais da FEGADO o Presidente, o Secretario e o Tesoureiro.

#### Capítulo II. Dos órganos colexiados

##### Artigo 11. A Asemblea Xeral

1. A Asemblea Xeral é o máximo órgano de representación e goberno da FEGADO, e nela estarán representados os seguintes estamentos:

- a) Orientadores.
- b) Clubs deportivos e seccións deportivas.
- c) Xuíces-controladores.
- d) Técnicos-adestradores.
- e) Outros colectivos, se os houber.

2. A Asemblea Xeral estará composta por membros elixidos entre e polos distintos estamentos recién mencionados. A representación na Asemblea Xeral dos distintos estamentos responderá ás proporcións establecidas na lexislación aplicable, segundo o disposto no Regulamento correspondente.

3. A elección para a Asemblea Xeral levarase a cabo de acordo coas regras establecidas na lexislación aplicable, e no Regulamento Electoral.

4. Os membros da Asemblea Xeral serán elixidos cada catro anos por sufraxio libre, igual, directo e secreto, por y entre os integrantes maiores de 18 anos de cada estamento, consoante co número e proporcións de representación que se establecen nestes mesmos Estatutos e no Regulamento Electoral, nos anos en que teñan lugar os Xogos Olímpicos



de Inverno. A representación dos clubs deportivos e seccións deportivas corresponde ó seu Presidente ou persoa autorizada, de acordo cos seus propios Estatutos. O exercicio dos dereitos dos orientadores, dos técnicos-adestradores e dos xuíces-controladores é persoal, e non admite delegación algunha. Ningún membro da Asemblea poderá ostentar unha dobre representación na mesma.

5. A Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, quedará válidamente constituída cando concurran na primeira convocatoria a metade máis un dos seus membros, e na segunda convocatoria —que terá lugar media hora máis tarde— calquera que sexa o número de asistentes.

6. A Asemblea Xeral deberá ser convocada, en sesión ordinaria, alomenos unha vez ó ano, necesariamente antes de comezar unha nova tempada deportiva, alomenos co obxecto de:

- a) Aprobar o novo orzamento.
- b) Liquidar o anterior orzamento.
- c) Aprobar o calendario deportivo e máis as normas técnicas ou regulamentos deportivos que rexerán a competición.
- d) Aprobar a memoria de actividades anuais.

7. A Asemblea Xeral poderá ser convocada, con carácter extraordinario, polo Presidente, ou a proposta dun número dos seus membros non inferior ó 25%.

Presentada a solicitude de convocatoria polo número de membros suficiente, o Presidente a deberá convocar necesariamente no prazo de 10 días naturais. Desde a convocatoria até a data de celebración da Asemblea non poderán transcurrir máis de 20 días naturais.


A convocatoria, que deberá conter a orde do día da reunión, notificarase individualmente a cada un dos membros da Asemblea cunha antelación mínima de 48 horas, por calquera medio que permita ter constancia da data de recepción da mesma. Asemade farase pública na páxina web da Federación, con 10 días de antelación á data de celebración.

8. A Asemblea Xeral poderá reunirse en Pleno ou en Comisión Delegada.

9. Son competencias da Asemblea Xeral, en reunión plenaria, con carácter exclusivo:

- a) A aprobación do presuposto anual e máis a súa liquidación.
- b) A aprobación do calendario deportivo e máis das normas técnicas ou regulamentos deportivos que rexerán a competición.
- c) A aprobación dos regulamentos.
- d) A aprobación e máis a modificación dos Estatutos.
- e) A elección e máis o cese do Presidente.





l) A disolución da Federación, que deberá ser acordada por decisión dos 2/3 de todos os seus membros.

h) Calquera outras que estean previstas nos presentes Estatutos e máis, en xeral, todas aquelas que non estean atribuídas expresamente a outros órganos da Federación.

10. O voto será persoal. Non se admitirá a delegación de voto, salvo o correspondente ás clubs deportivos e sección deportivas, que poderá exercitar o seu Presidente ou a persona na que él delegue, sempre que non sexa membro da Asemblea da Federación, de acordo co seus propios Estatutos e con carácter expreso e escrito para cada reunión.

11. Os acordos serán adoptados, como regra xeral, por maioría simple, salvo naqueles casos en que sexa precisa maioría cualificada, consonte cos presentes Estatutos e Regulamentos que os desenvolvan.

De todos os acordos levantarase acta, especificando os nomes das persoas que intervirán e máis as demais circunstancias que se consideren oportunas, así como o resultado da votación e, de ser o caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado.

Os votos contrarios ó acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán das responsabilidades que puideran derivarse, de ser o caso, dos devanditos acordos.

Todos os acordos serán públicos, salvo que, excepcionalmente, se acorde o contrario por maioría de tres cuartas partes dos membros do órgano decisorio. A publicidade garantirase, alomenos, a través da páxina web da Federación.

Os acordos da Asemblea Xeral poderán ser impugnados ante a Administración deportiva autonómica, consonte co disposto na lexislación vixente.

#### Artigo 12. A Comisión Delegada

A Comisión Delegada será elixida entre e pola Asemblea Xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral. Será presidida polo Presidente da Federación como membro nato da mesma. Estará composta por alomenos cinco membros, debendo estar representados todos os estamentos, respetándose a proporcionalidade da Asemblea Xeral. O procedemento de elección será o fixado polo Regulamento Electoral da Federación.

#### Artigo 13. A Xunta Directiva

1. A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión ordinaria da FEGADO, sendo os seus membros designados e separados libremente polo Presidente, que a presidirá.

2. Os membros da Xunta Directiva que non o sexun da Asemblea Xeral terán acceso ás sesións da mesma, con dereito a voz pero sen voto.

3. Todos os cargos son honoríficos e, en caso extraordinario, cando se estableza unha compensación económica xustificada a favor dalgún dos membros da Xunta Directiva, ten que ser expresamente acordada por maioría absoluta da Asemblea Xeral e constar de xeito diferenciado no orzamento. En ningún caso, a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a Federación.

4. Os membros da Xunta Directiva deberán estar en posesión da licenza federativa.



5. As funcións da Xunta Directiva son, entre outras:

a) Organizar, impulsar, desenvolver e adaptar o programa deportivo, as actividades e máis o calendario de competición da FEGADO.

b) Executar os acordos adoptados pola Asemblea Xeral.

c) Desenvolver o orzamento xeral anual aprobado pola Asemblea Xeral, así como a xestión económica e administrativa da Federación.

### Capítulo III. Dos órganos unipersonais

#### Artigo 14. O Presidente

1. O Presidente é o órgano executivo da Federación. Exerce a súa representación legal, convoca e preside os órganos de representación e goberno, e executa os acordos dos mesmos.

2. Será elixido cada catro anos por sufraxio libre, igual, directo e secreto, polos componentes da Asemblea Xeral presentes no momento da elección, coincidindo cos anos dos Xogos Olímpicos de Inverno, de acordo coa lexislación aplicable, e o Regulamento de aplicación. Non é necesario que sexa membro da Asemblea Xeral. Sólo poderá ser reelegido consecutivamente unha vez. Non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa. Non poderá exercer simultaneamente a presidencia dun club deportivo ou sección deportiva integrados na Federación.

3. En caso de ausencia o incapacidade temporal, o Presidente será substituído polo vocal da Xunta Directiva designado polo propio Presidente, o, no seu defecto, polo vocal de maior idade.

4. O Presidente da FEGADO exercerá as seguintes funcións:

a) Presidir e dirixir os órganos de goberno e representación dos que forme parte.

b) O voto de calidade, en caso de empate, naquelas decisións a adoptar nos órganos que preside.

c) Estimular e coordinar a actuación dos órganos federativos.

d) Ordenar pagos a nome da FEGADO, asinando co Tesoureiro os documentos ó efecto.


e) Conferir poderes especiais ou xerais a letrados, procuradores ou calquera outra persoa mandataria para que ostente a súa representación legal, tanto en xuicio como fóra del.

f) Designar e separar ó Secretario e máis ó Tesoureiro, así como ós demais membros da Xunta Directiva.

5. O Presidente da FEGADO cesará no seu cargo polos motivos seguintes:







- a) Expiración do término do mandato.
- b) Renuncia, morte ou incapacidade.
- c) Incurrir nalgunha das causas de inlexibilidade establecidas nos presentes Estatutos.
- d) Aprobación da moción de censura, que será sempre construtiva.

6. Producido o cese do Presidente por calquera das causas establecidas, excluída a moción de censura, o Presidente en funcións convocará a Asemblea Xeral nun prazo non superior a un mes, e a celebración de eleccións deberá ser anterior ó transcurso de dous meses desde o seu cese.

7. A moción de censura haberá de ser proposta por, alomenos, o 45% dos membros da Asemblea Xeral.

Presentada a moción de censura, o Presidente enviará a convocatoria da Asemblea Extraordinaria en prazo non superior a 10 días naturais. Entre a data da súa convocatoria e a votación da moción de censura non poden transcurrir máis de 20 días naturais.

O triunfo da moción de censura producirase polo voto favorable da maioría absoluta dos membros da Asemblea Xeral, resultando elixido Presidente o membro da Asemblea que plantexou a mesma.

Se a moción de censura fose rechazada pola Asemblea Xeral, os seus asinantes non poderán presentar outra moción até transcurrido un ano.

#### Artigo 15. O Secretario

1. O Secretario, que o será tamén da Xunta Directiva, será designado e separado polo Presidente.

2. O Secretario exercerá as funcións de fedatario e asesor, e máis especificamente as de:

a) Levantar actas das sesións dos órganos de goberno e representación, con indicación dos asistentes, temas tratados, o resultado das votacións e, de ser o caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado.

b) Expedir as certificacións oportunas dos acordos adoptados dos órganos de goberno e representación.

c) Cuntas funcións lle encomenden os presentes Estatutos e máis os Regulamentos da Federación, así como a lexislación vixente.

#### Artigo 16. O Tesoureiro

O Tesoureiro será designado e separado polo Presidente, puidendo recaer o nomeamento no Secretario. O Tesoureiro exercerá as funcións de:

a) Levar a contabilidade da Federación.

b) Exercer a inspección económica de todos os órganos da Federación.



c) Elaborar y presentar balances del estado contable de la Federación.

d) Calquera outra función que lle encomenden os presentes Estatutos e máis os Regulamentos da Federación.

### TÍTULO III

#### REQUISITOS DE ADQUISICIÓN O PÉRDIDA DA CONDICIÓN DE FEDERADO, RÉXIME DE CONCESIÓN DE LICENZAS FEDERATIVAS E CONDICIÓN DESTAS, E DEREITOS, DEBERES E RESPONSABILIDADES DE TODOS OS SEUS INTEGRANTES

**Artigo 17. Requisitos de adquisición o pérdida da condición de federado, e réxime de concesión de licenzas federativas e condicións destas**

1. Os clubs deportivos e seccións deportivas que teñan entre os seus fins a práctica e promoción do deporte de orientación en calquera das súas especialidades integraranse, a petición propia, na FEGADO, debendo cumprir os seguintes requisitos:

a) Solicitud de admisión mediante instancia dirixida ó Presidente.

b) Número de Rexistro dos Estatutos.

2. A admisión dun club ou sección non comportará, baixo ningún concepto, en principio, ingreso económico á FEGADO. Por tanto, a admisión será en principio gratuita, así como en igualdade de dereitos que o resto de clubs deportivos e seccións deportivas.


3. Os deportistas, técnicos-adestradores e xuíces-controladores que teñan entre a súa práctica o especialidade o deporte de orientación poderán integrarse na FEGADO por vontade propia. A devandita integración producirase mediante a concesión de licenzas. As licenzas poderán ser tramitadas e expedidas pola FEDO ou, de ser o caso, pola FEGADO. As licenzas expedidas pola FEDO axustaranse á súa regulación específica. As licenzas tramitadas e expedidas pola FEGADO axustaranse, de ser o caso, ó disposto nun Regulamento de desenvolvemento dos presentes Estatutos.

4. O prazo de resolución da admisión dun club ou sección deportiva, ou de concesión dunha licenza, non será superior a 30 días naturais, a contar desde a recepción da solicitude.

5. As resolucións, tanto aprobatorias como denegatorias, deben comunicarse expresa e directamente ó club ou sección ou ó interesado, sinalando, de ser o caso, o incumprimento dos requisitos. A resolución poderá ser recurrida ante os órganos competentes.

6. A pérdida da condición de federado producirase nos termos establecidos pola lexislación vixente.





#### Artigo 18. Dereitos dos federados

1. Os federados teñen dereito a non seren discriminados por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
2. Con carácter xeral, todos os federados teñen o dereito a recibir a tutela da Federación respecto ó seus intereses deportivos lexítimos, así como o de participar nas súas actividades e no seu funcionamento, a través dos medios e dos cauces establecidos.
3. Igualmente poderán participar na súa xestión, sendo electores e elegibles para os seus órganos de goberno e representación, consonte ó disposto nas normas electorais vixentes en cada momento.

#### Artigo 19. Deberes e responsabilidades dos federados

1. Os federados teñen o deber de estar en posesión da licenza federativa.
2. Os federados tamén teñen o deber de aceptar e cumprir os Estatutos e Regulamentos da Federación, así como o de someterse á autoridade dos órganos federativos en relación coas materias da súa competencia, sen perxuízo do dereito a impugnar ou recurrir as súas decisións ante as instancias correspondentes, acudindo incluso ante a xurisdicción competente.
3. O incumprimento dos devanditos deberes poderá xerar responsabilidade, nos termos establecidos pola lexislación vixente.

### TÍTULO IV RÉXIME DE RESPONSABILIDADE DOS PRESIDENTES E MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA

#### Artigo 20. Principio xeral

O Presidente, membros da Xunta Directiva ou dos órganos de dirección que se pudiesen establecer estatutariamente serán persoalmente responsables, fronte á propia Federación, fronte ós seus membros ou fronte a terceiros:

- a) Das obrigas que contraese a Federación e que non teñan, ou tivesen, o adecuado respaldo contable, non figuren nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto dunha contabilización que non reflicta a natureza e alcance da obriga en cuestión, e que distorsione a imaxe fiel que debe producir aquela.
- b) Das obrigas que contraese contra a prohibición expresa doutros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fóra dos límites da autorización.
- c) En xeral, dos actos ou das omisións que supoñan un perxuízo para a Federación cando sexan realizados vulnerando normas de obrigado cumprimento.

#### Artigo 21. Exención de responsabilidade

A responsabilidade descrita no artigo anterior poderase esixir no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxeitos responsables. En todo caso, quedarán exentos



de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordo o non interviñesen na súa adopción ou execución, ou aqueles que o descoñecesen ou, coñecéndoo, se opuxesen expresamente a aquél.

**Artigo 22. Responsabilidade disciplinaria**

A responsabilidade regulada no presente Título é independente da responsabilidade disciplinaria na que se puidese incurrir, e que se esixirá consonte ás disposicións xerais vixentes.

## TÍTULO V DO RÉXIME DOCUMENTAL

**Artigo 23. Principio xeral**

A custodia e levanza da documentación, libros-rexistro e arquivos da FEGADO corresponde ó seu Secretario.

**Artigo 24. Libros-rexistro**

A FEGADO levará alomenos os seguintes libros-rexistro debidamente dilixenciados:

- a) De clubs deportivos e seccións deportivas.
- b) De orientadores.
- c) De actas dos órganos de goberno e representación.
- d) De contabilidade.
- e) De inventario de benes mobles e inmobles.

**Artigo 25. Exame e supervisión dos libros-rexistro**


Os libros-rexistro e demais documentación estarán a disposición en todo momento da Administración deportiva autonómica competente, para o seu exame e supervisión.

## TÍTULO VI DO RÉXIME ECONÓMICO-FINANCEIRO

**Artigo 26. Do orzamento e da data de peche do exercicio económico da Federación**  
1. A FEGADO ten orzamento e patrimonio propios e deberá someter a súa contabilidade e o seu estado económico ou financeiro ás prescricións legais.

2. A FEGADO non poderá aprobar orzamentos deficitarios, aínda que, excepcionalmente, a Administración deportiva autonómica competente poderá autorizar con tal carácter.





3. A administración do orzamento responderá o principio de caixa única, debendo adicarse os ingresos propios, de forma prioritaria, ós gastos da estrutura federativa.

4. A Xunta Directiva elaborará o proxecto de orzamento correspondente ó seguinte exercicio, para a súa aprobación pola Asemblea Xeral durante o último trimestre do exercicio económico. A data de peche do exercicio económico coincidirá coa da tempada deportiva respectiva.

5. O devandito orzamento deberá remitirse á Administración deportiva no prazo dun mes desde a súa aprobación.

#### Artigo 27. Inspección económica

A FEGADO someterá os seus libros de contabilidade á inspección, así como as auditorías financeiras sobre a totalidade dos seus gastos, a requerimento da Administración deportiva autonómica competente.

#### Artigo 28. Exhibición da documentación económica

As contas anuais e os orzamentos teñen que estar no domicilio social da Federación, cunha antelación de 15 días á celebración da Asemblea Xeral, a disposición das persoas ou entidades con dereito a voto, as caís poderán pedir copia, que se lles entregará antes da celebración da Asemblea.

#### Artigo 29. Ingresos da Federación

1. O patrimonio da FEGADO estará integrado por:

- a) Cotas dos seus afiliados.
- b) Dereitos de inscrición e demais recursos que procedan das competicións organizadas pola Federación.
- c) Rendementos dos bens propios.
- d) Subvencións, ou outras achegas, que as entidades públicas poidan concederlles, así como doazóns, herdanzas, legados e premios que lles sexan outorgados por entidades públicas ou privadas.
- e) Calquera outro recurso que lles poida ser atribuído.

2. A FEGADO destinará a totalidade dos seus ingresos e do seu patrimonio á consecución dos fins propios do seu obxecto.

3. Os fondos deberán depositarse necesariamente en contas a nome da FEGADO, en entidades financeiras, sen perxuízo de manter en caixa as sumas precisas para atender os gastos correntes.

4. Toda disposición de fondos con cargo ás devanditas contas deberá autorizarse por dúas sinaturas mancomunadas: a do Presidente e a do Tesoureiro. Non obstante, en casos de ausencia xustificada ou de enfermidade, calquera deles poderá delegar a súa sinatura en outro membro da Xunta Directiva. A devandita delegación deberá realizarse por escrito.



#### **Artigo 30. Regras económico-financieiras específicas**

Será necesaria a autorización da Administración autonómica para a venda ou gravame dos bens inmobles cuxa titularidade lle corresponda á FEGADO que fosen financiados, en todo ou en parte, con fondos públicos. Así mesmo, requirirase igual autorización cando a FEGADO pretenda comprometer gastos de carácter plurianual ou cando a natureza do gasto, ou a porcentaxe deste en relación co seu orzamento, vulneren os criterios que regulamentariamente se determinen. Esta autorización poderase consignar nos contratos programa que poidan ser asinados entre a Administración deportiva autonómica e a FEGADO para o desenvolvemento das súas actividades e funcións.

## **TÍTULO VII DO RÉXIME DISCIPLINARIO**

### **Capítulo I. Disposicións xerais sobre infraccións e sancións**


#### **Artigo 31. Tipificación, natureza e clasificación das infraccións**

1. As infraccións das regras do xogo ou da competición e as infraccións das normas xerais de conduta deportiva tipificadas nestes Estatutos constitúen faltas disciplinarias. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves. As sancións correspondentes aplicaranse en función da clasificación das infraccións.

2. Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:

- a) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, o resultado dunha proba, encontro ou competición.
- b) Os comportamentos e actitudes agresivos e antideportivos ou discriminatorios dos orientadores ou técnicos, cando se dirixan ós xuíces, ós xurados, a outros xogadores, técnicos ou ó público.
- c) Os quebrantamentos de sancións impostas.
- d) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas de cada especialidade, cando poidan alterar a seguridade da proba, encontro ou competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.
- e) Non executar ou desobedecer as resolucións no ámbito disciplinario do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- f) A inasistencia sen xusta causa dos deportistas ás convocatorias da selección galega ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.
- g) A aliuación indebida e non comparecer ou retirarse inxustificadamente das probas, encontros ou competicións.
- h) A reincidencia na comisión de faltas graves. Entenderase que hai reincidencia na comisión cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión





de tres ou máis infraccións graves no período dun ano.

Da infracción á que se refire a letra e) poderá ser responsable o Presidente da Federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

### 3. Consideraranse infraccións graves as seguintes:

- a) A falta de remisión en prazo ou de forma manifestamente incompleta, sen xusta causa, dos expedientes ou da información requirida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- b) O incumprimento de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.
- c) Actuar de forma pública e notoria contra a dignidade e o decoro propios da actividade deportiva.
- d) A reiteración de faltas leves. Entenderase que hai reiteración cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións leves no período dun ano.

Das infraccións ás que se refiren as letras a) e b) poderá ser responsable o Presidente da Federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

### 4. Consideraranse infraccións leves as seguintes:

- a) As condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi graves ou graves.
- b) A incorrección co público, compañeiros e subordinados.
- c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

## Artigo 32. Sancións

### 1. Pola comisión de faltas moi graves imponse as seguintes sancións:

- a) Multa en contía non superior a 1.500 euros.
- b) Perda de puntos ou postos de clasificación.
- c) Perda de ascenso de categoría ou división.
- d) Clausura do recinto deportivo por un período máximo dunha tempada.
- e) Suspensión ou privación da licenza federativa ou, de ser o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou da habilitación para ocupar cargos na Federación por un prazo máximo de cinco anos.



f) Privación da licenza federativa, cancelación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia ou privación da habilitación para ocupar cargos na Federación a perpetuidade. Esta sanción unicamente se poderá acordar, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.

g) Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións sexan cometidas por directivos.

h) Destitución do cargo, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.

**2. Pola comisión de faltas graves imponse as seguintes sancións:**

a) Amoestación pública.

b) Multa en contía non superior a 1.000 euros.

c) Clausura do recinto deportivo ata un máximo de catro probas ou tres meses.

d) Suspensión ou privación da licenza federativa e/ou, se é o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e inhabilitación para ocupar cargos dun mes a dous anos.

**3. Pola comisión de faltas leves imponse as seguintes sancións:**

a) Apercibimento.

b) Inhabilitación para ocupar cargos federativos ou suspensión de ata un mes, ou dunha a tres probas.

**4. As multas só se lles poderán impoñer ás entidades deportivas e aos que, conforme a estes Estatutos, sexan considerados deportistas profesionais ou técnicos profesionais.**

**Artigo 33. Principio de proporcionalidade**

1. No establecemento de sancións pecuniarias deberase ter en conta que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.

2. Na determinación do réxime sancionador, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada.



3. Para graduar as sancións teranse en conta as circunstancias concurrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a concorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.

4. En función das circunstancias previstas nas alíneas anteriores, as sancións aplicaranse nos seus graos máximo, mínimo ou medio. De ser o caso, de concorreren circunstancias atenuantes cualificadas, poderase aplicar a sanción inferior nun grao á prevista.

**Artigo 34. Circunstancias modificativas da responsabilidade**







1. Serán consideradas como circunstancias atenuantes o arrepentimiento espontáneo e a existencia de provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción.
2. Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo, o prexuízo económico ocasionado e o número de persoas afectadas pola infracción respectiva.
3. Entenderase producida a reincidencia cando a persoa infractora cometa, polo menos, unha infracción da mesma natureza declarada por resolución firme, no termo dun ano.
4. Os órganos disciplinarios sancionadores poderán, no exercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren adecuado, ponderando, en todo caso, a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

**Artigo 35. Causas de extinción da responsabilidade**  
A responsabilidade disciplinaria extinguese:

- a) Polo cumprimento da sanción.
- b) Polo falecemento da persoa inculpada.
- c) Por disolución da entidade sancionada.
- d) Por prescrición das infraccións ou sancións.

**Artigo 36. Prescrición de infraccións e sancións**

1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves prescribirán ó uno e. as leves, ó mes.
2. O termo de prescrición comeza a contar o día no que se cometeron os feitos e interrómpeuse no momento no que se acorda iniciar o procedemento sancionador. O seu cómputo reanudase se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ó presunto responsable.
3. As sancións prescribirán ós tres anos, ó ano ou ó mes, segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou desde o momento no que se quebrantase o seu cumprimento, se este xa comezase.

**Artículo 37. Prohibición de dobre sanción polos mesmos feitos**  
Non poderá impoñerse máis dunha sanción polos mesmos feitos.

**Artículo 38. Aplicación dos efectos retroactivos favorables**

As disposicións disciplinarias teñen efecto retroactivo en canto favorezan ó infractor, vinda que no momento de publicación das disposicións mais favorables recaera sanción firme.

**Artículo 39. Prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas no momento**



da súa comisión

Non poderá impoñerse sanción algunha por accións ou omisións non tipificadas como infracción con anterioridade ao momento de producirse, nin tampouco poderán impoñerse sancións que non estean establecidas por norma anterior á comisión da infracción.

## Capítulo II. Procedementos e órganos disciplinarios deportivos

### Artigo 40. Procedemento disciplinario

A imposición de sancións pola comisión das infraccións previstas nestes Estatutos e no Regulamento de réxime disciplinario que o desenvolva axustarase ós procedementos previstos no Capítulo IV do Título VII da Lei 3/2012, de 2 abril, do Deporte de Galicia.

### Artigo 41. Clases de procedementos

1. Os procedementos para a imposición de sancións serán o abreviado e o ordinario.
2. O procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición. En todo caso, deberá asegurarse o trámite de audiencia ás persoas interesadas e o dereito ao recurso.
3. O procedemento ordinario será de aplicación para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conduta deportiva.

### Artigo 42. Regras comúns ós procedementos

1. No non previsto nos presentes Estatutos, serán de aplicación supletoria as normas contidas na Lei 3/2012, de 2 abril, do Deporte de Galicia, na Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real Decreto 1398/1993, do 4 agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
2. Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de inexistencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.
3. As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, agás que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.
4. As actas subscribas polos xuíces da proba ou da competición constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas. As manifestacións do xuíz plasmadas nas citadas actas presúmense certas, agás proba en contrario.


### Artigo 43. Procedemento abreviado

As regras ás que se axusta o procedemento abreviado son as seguintes:

#### 1. Iniciación:

- a) O procedemento abreviado iníciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflicta os feitos que poden dar lugar a sanción, subscriba polo





xuíz e polos competidores ou polos delegados dos clubs ou seccións. No suposto de que os feitos que poidan dar lugar a sanción non estean reflectidos na acta, senón mediante anexo, o procedemento incíase no momento no que teña entrada na Federación o anexo da acta da proba ou documento no que queden reflectidos os feitos obxecto de axuízamento. Ademais, designarase unha persoa instrutora que exercerá as funcións de impulso na ordenación do expediente e de secretaria ou secretario, e serán aplicables as causas de abstención e recusación reguladas na Lei 30/1992, de 26 novembro.

b) Tamén se pode iniciar a Instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da Federación dentro do segundo día hábil seguinte ó día no que se celebrara a proba ou competición.

## 2. Tramitación e resolución:

a) No prazo de dous días, que se contarán desde a notificación prevista na alínea anterior, as persoas interesadas poderán formular alegacións en relación cos feitos consignados na acta, anexo ou denuncia. Tamén poderán propoñer ou achegar, se é o caso, as probas pertinentes. A proba deberá practicarse no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ó da súa admisión.

b) O órgano instrutor trasladará, no prazo máximo de dous días que se contarán a partir da presentación de alegacións ou da práctica da proba ou da súa denegación, ó órgano competente para resolver a proposta de resolución, para que, dentro do día seguinte, se dite resolución na cal se deben expresar os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que habilitan a sanción que se impoñu. Así mesmo, deben expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se realizase con anterioridade. A resolución deberase notificar ás persoas interesadas, con expresión dos recursos que se poidan formular contra ela e do prazo para a súa interposición.

### Artigo 44. Procedemento ordinario

As regras ás que se somete o procedemento ordinario son as seguintes:

#### 1. Iniciación:

a) O procedemento incíase por acordo do órgano competente, de oficio ou a instancia de persoa interesada.

b) O acordo que inicie o procedemento conterá a identidade do instrutor, se é o caso do secretario, da autoridade competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conterá a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Este acordo deberáselle notificar á persoa interesada. Serán aplicables ó instrutor e ó secretario as causas de abstención e recusación e procedemento establecidas na Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### 2. Tramitación:



a) Durante a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou a instancia do instructor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.

b) O acordo de iniciación notificarase ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para contestar os feitos e propoñer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.

c) Practicaranse de oficio ou admitiranse a proposta da persoa interesada tantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.

d) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instructor redactará a proposta de resolución, ben apreciando a existencia dalgunha infracción imputable —e neste caso conterá necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e as disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables e as sancións que procede impoñer—, ou ben propoñendo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobresemento con arquivo das actuacións. A proposta de resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que estimen pertinentes.

### 3. Resolución:

a) Recibidas polo instructor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, elevará o expediente ó órgano competente para resolver.

b) A resolución do órgano competente pon fin ó procedemento común e ditarase no prazo máximo de dez días hábiles.

#### **Artigo 45. Lexitimación para recorrer as sancións**

Están lexitimadas para interpoñer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese, en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición.

#### **Artigo 46. Órganos disciplinarios**


No Regulamento de réxime disciplinario especificarase a composición e funcionamento dos órganos competentes en materia disciplinaria, que serán:

a) Na primeira instancia, un comité de competición o xuíz único.

b) Na segunda instancia, un comité de apelación.

#### **Artigo 47. Comité Galego de Xustiza Deportiva**





Contra as resolucións da FEGADO en materia disciplinaria cabe recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

## TÍTULO VIII DA REFORMA DOS ESTATUTOS

### Artigo 48. Órgano competente e proposta

Os Estatutos da FEGADO unicamente poderán modificarse por acordo da Asemblea Xeral, reunida en sesión extraordinaria, previa inclusión na orde do día da modificación que se pretende. A proposta de modificación estatutaria, salvo cando ésta deba realizarse por imperativo legal, poderá plantexarse por un tercio dos membros da Asemblea Xeral, ou pola Xunta Directiva.

### Artigo 49. Enmendas

Da proposta de modificación darase traslado a cada un dos membros da Asemblea Xeral, quen deberán contar cun prazo non inferior a dez días para facer chegar á FEGADO as enmendas ou suxerencias que estimen pertinentes. Entre a data de recepción da proposta de modificación na sede da FEGADO e a reunión da Asemblea Xeral na que a mesma se debata non poderán transcurrir máis de tres meses, polo cal, se non estiver prevista reunión da Asemblea Xeral dentro dese prazo, deberá convocarse unha a tal fin.

### Artigo 50. Debate

A Asemblea Xeral abrirá a sesión coa lectura do texto da modificación proposta, así como das enmendas ou suxerencias efectuadas. Posteriormente, tras o debate a que dera lugar, se procederá á votación.

### Artigo 51. Votación

A aprobación pola Asemblea Xeral da modificación proposta requerirá o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

### Artigo 52. Aprobación

A reforma requerirá, unha vez aprobada pola Asemblea Xeral, a aprobación pola Administración deportiva de Galicia e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

## TÍTULO IX CAUSAS E PROCEDIMENTO DE EXTINCIÓN E DISOLUCIÓN

### Artigo 53. Causas de extinción

A FEGADO extinguirase polas seguintes causas:

- a) Pola revogación do seu recoñecemento.
- b) Por resolución xudicial.
- c) Por integración ou fusión con outra Federación deportiva galega.



d) Polas demais causas previstas no ordenamento xurídico.

#### **Artigo 54. Procedimento de extinción e disolución**

1. En caso de extinción e disolución da FEGADO, unha vez liquidado o seu patrimonio, a parte restante, se a houber, se destinará ós fins de carácter deportivo que determine a Administración deportiva autonómica competente.

2. A extinción e disolución realizaranse cumprindo os trámites procedimentais previstos na lexislación vixente.

#### **Disposición adicional única**

As normas regulamentarias de desenvolvemento dos presentes Estatutos, con exclusión das normas técnicas ou regulamentos deportivos que rexen a competición, depositaranse no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e daranse a coñecer a través da páxina web da Federación.

O calendario oficial aprobado pola Asemblea Xeral deberá comunicarse, nos termos esixidos pola lexislación vixente, á Administración deportiva no prazo de sete días desde a súa aprobación.

#### **Disposición transitoria única.**

1. Até o recoñecemento e aprobación, por parte da Administración deportiva autonómica competente, da FEGADO, a Asociación Galega de Clubs de Orientación (AGaCO) continuará regulamentando, promovendo e organizando o deporte de orientación na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Unha vez creada a FEGADO, a Xunta Directiva da AGaCO constituirase en comisión xestora, por delegación da Xunta de Promotores da Federación, non só ós efectos de proseguir a xestión ordinaria do deporte de orientación en Galicia, senón tamén ós de constitución dos órganos de goberno e representación da FEGADO.

3. A devandita comisión xestora convocará eleccións para a constitución da Asemblea Xeral da FEGADO, de acordo coas seguintes regras:


a) A normativa a aplicar será a contenida no regulamento electoral da AGaCO, complementando a lexislación autonómica correspondente.

b) No prazo máximo de 15 días, a comisión xestora porá en marcha o procedemento para a elección da Asemblea Xeral, tendo en conta que os trámites do mesmo se sustanciarán cumprindo sempre os prazos mínimos previstos na normativa a aplicar.

c) Unha vez constituída a Asemblea Xeral, procederá a convocar a elección de Presidente da FEGADO, aplicándose asemade, para esta primeira elección, a normativa regulamentaria da AGaCO, complementando a lexislación autonómica correspondente.

**Disposición final única. Entrada en vigor**





Os presentes Estatutos entrarán en vigor tras a súa publicación do Diario Oficial de Galicia.

DILIXENCIA para facer constar que os presentes Estatutos da entidade FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN foron ratificados e inscritos co núm. F-11653 no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG 13-04-2012).

Santiago, a 9 de Xullo de 2013.

O/A FUNCIONARIO/A,



